

INTRODUCCIÓN Á TRANSCRIPCIÓN CON ELAN

Estela Fidalgo Garra
estela.fidalgo@rai.usc.es



Para que usar ELAN?

O programa ELAN ofrécenos as opcións de:

- Sincronizar audio ou audio e vídeo cunha transcripción
- Visualizar a transcripción ao tempo que escoitamos o audio
- Crear diferentes liñas para cada participante (liñas de texto principal e liñas dependentes)
- Exportar o material en diferentes formatos: .txt, .html, Youtube...


Que imos facer nós con ELAN versión 6.2?

Iniciarémonos no manexo de ELAN incorporando o arquivo de audio co que imos traballar e comezaremos unha transcripción. Para iso probaremos algunhas funcións básicas como a creación de liñas, a segmentación, a transcripción e a exportación das transcripcións.

1. Incorporar audio

Unha vez aberto o programa, pulsamos a ventá **Archivo > Nuevo** (atallo Ctrl+N)

1. Mirar en carpetas e ficheiros á esquerda
2. **Facemos click enriba do ficheiro a seleccionar pulsamos >> e inmediatamente aparece o ficheiro seleccionado no cadro da dereita. Tamén podemos facer simplemente dobre click enriba do ficheiro que queremos.**
 - Pode facerse con arquivos de audio e tamén con vídeo. Se mirades en *formato del archivo* poderedes ver o tipo de arquivos que soporta ELAN: wac, mp4, mpg...
 - Se nos equivocamos facemos click enriba do ficheiro a eliminar e pulsamos a cruz vermella.
3. Cando teñamos o ficheiro que queremos seleccionado dámoslle a **“Aceptar”**.



Deste xeiro, ábrenos o modo de anotación do programa. Neste momento é recomendable gardar xa o arquivo: **Archivo > Guardar (atallo Ctrl+S)**. Ábrese unha ventá que se chama “Guardar como”. Aquí debemos elixir o nome do arquivo e indicar a carpeta na que queremos gardar o noso arquivo de transcripción. Recoméndase que **o nome do arquivo de transcripción (en formato EAF) sexa idéntico ao arquivo de audio** para que o programa non teña problemas á hora de sincronizalos. É importante tamén que o audio non sufra modificacións despois de iniciar a transcripción, porque pode haber desaxustes. Por tanto, se tedes que anonimizar ou recortar os audios é preferible que o fagades antes de comezar a transcribir.



Ademais, convén que activemos xa a **copia de seguridade automática: Archivo > Copia de seguridade automática > 1 minuto**. Como consello: gardar cada pouco, porque esta función tende a fallar (eu xa levei varios disgustos).

2. Controis básicos de reprodución, velocidade e volume

Botóns de reprodución




O botón do medio é o botón de reproducir. Ao darlle click (ou utilizar o atallo Ctrl+espazo) vemos como comeza a reproducirse o audio. Para deter a reprodución só fai falta pulsar o mesmo botón ou utilizar de novo o atallo Ctrl+espazo.



Ao pulsar o botón de reproducir vemos como un cursor vermello comeza a avanzar pola gravación. Tamén podemos observar como a tira da onda amosa as horas, os minutos, os


segundos e os milisegundos da nosa gravación. Para mover o cursor simplemente tedes que facer click enriba desa onda...



Ou tamén cabe a opción de que utilicedes os outros controis que aparecen a ambos os dous lados do botón de reproducir. Se poñedes o cursor enriba deles veredes como xa vos explica a súa función e máis o seu atallo:



Estes dous serven para avanzar ou retroceder moi pouco (concretamente un píxel, segundo as instrucións de ELAN). Atallo: Ctrl+Shift+Esquerda ou Ctrl+Shift+Dereita.



Os botóns que siguen permiten avanzar ou retroceder un cadro de vídeo (é dicir, 33 milisegundos aproximadamente). Atallo: Ctr+Esquerda ou Ctrl+Dereita.



Os seguintes serven para avanzar ou retroceder un segundo na gravación. Atallo: Shift+Esquerda ou Shift+Dereita.



Estes dous servirían para avanzar ou retroceder ao segmento de visualización anterior ou posterior (é dicir, a cantidade de tempo que estamos vendo na pantalla). Atallo: Ctrl+Retroceder páxina ou Ctrl+Avanzar páxina.




Finalmente, os botóns dos extremos serven para:

- No caso do botón da esquerda, moverse ao inicio da gravación. Atallo: Ctrl+B
- No caso do botón da dereita, avanzar ata o final da gravación. Atallo: Ctrl+E

Botóns de velocidade e volume

Na parte superior, na pestana “Controles” poderemos atopar a barra de **volume xeral** (que podes axustar de 0 a 100 arrastrando o indicador ou escribindo o número) e de **volume do arquivo**. No caso de incorporar máis dun arquivo de audio/vídeo aparecerían máis barras.




Debaixo podemos observar a **barra de velocidade**. A velocidade normal é 100. Se arrastramos o cursor á esquerda a velocidade reducirase; mentres que se arrastramos o cursor cara a dereita aceleraremos a velocidade. Esta función é moi útil á hora de transcribir, cando non entendemos moi ben o que di un ou unha participante.

Consello: aínda que eu persoalmente tendía a reducir a velocidade para escoitar mellor esas partes dúbidasas, hai ocasións nas que incluso podemos entender mellor acelerando.


3. Tipos de liñas

Para comezar a transcribir, primeiramente temos que organizar as liñas. Cada participante vai ter unha liña de transcripción principal (denominadas no programa como **líneas madre**). A maiores, pódense engadir outras liñas secundarias, por exemplo, para unha tradución ou para notas. Estas son as que se denominan **líneas hijas**.

Se nos interesa que haxa varias liñas para cada participante, unha principal e unha de tradución, por exemplo, podemos facelo indo á ventá “**Tipo**”, creando o tipo “Transcripción” e pulsando “**Añadir**”.




Logo, para crear o tipo “Traducción” faremos o mesmo, pero a maiores debemos marcar o estereotipo “**Symbolic Association**”:



No caso de querer engadir outra liña dependente para as notas, realizaríamos o mesmo que co tipo “Tradución”. Neste caso, denominaríamolo “Notas”. Non esquezades marcar o estereotipo “**symbolic association**”.

Se nos equivocamos sempre podemos ir á ventá **Tipo > Cambiar tipo...** ou **Borrar tipo**.

- ★ Estes tipos quedan gardados no noso arquivo eaf, polo que se queremos utilízalos para outro arquivo distinto só teríamos que ir a **Tipo > Importar tipo... > Navegar > Buscar o arquivo que xa teña os tipos que queremos > Importar**.




Todo este proceso podémolo aforrar se só precisamos unha liña de transcripción principal, xa que o programa ten un tipo de liña predeterminado: **default-it**.


4. Crear liñas

O audio co que imos traballar (*iniciación_elan*) está tomado do programa da Radio Galega *Galicia por diante Fin de semana* e consta de dúas participantes. Así, comezaremos por crear a primeira liña para a presentadora do programa: Victoria Rodríguez. Imos á ventá “**Liña**” > **Añadir línea nueva**. Cando se abre a ventá debemos escribir o nome que queremos que apareza na liña de transcripción (neste caso, Victoria ou o que vós decidades oportuno) e cubrir o nome da participante (*Victoria Rodríguez*) e do/a anotador/a (*Estela*).


Ademais, deberemos marcar o tipo lingüístico “Transcripción”. Pulsamos “Añadir” e xa teriamos creada a primeira liña de transcripción.




No caso de querer unha liña dependente desta para unha tradución ou notas, debemos repetir o proceso: “**Liña**” > **Añadir liña nueva**. Cando se abre a ventá debemos escribir o nome que queremos que apareza nesta liña (por exemplo, *Notas* ou o que vós decidades oportuno) e cubrir o nome da participante (*Victoria Rodríguez*) e do/a anotador/a (*Estela*). Ademais, deberemos marcar como liña nai a de “Victoria” e seleccionar o tipo lingüístico “Notas”.



Como resultado teremos o seguinte:




Agora ben, se queremos ver diferenciadas a liña principal da liña de notas debemos pulsar co botón esquerdo enriba das liñas, pulsar “**Clasificar líneas**” e logo “**Clasificar por Jerarquía**”.




Como resultado teremos dúas liñas a distinto nivel (unha liña filla dependente dunha liña nai).




Agora, repetimos o proceso para a segunda participante. Neste caso, trátase da colaboradora Eva Castaño. Imos á ventá “Liña” > **Añadir línea nueva**. Cando se abre a ventá debemos escribir o nome que queremos que apareza na liña de transcripción (neste caso, Eva ou o que vós decidades oportuno) e cubrir o nome da participante (*Eva Castaño*) e do/a anotador/a (*Estela*). Ademais, deberemos marcar o tipo lingüístico “Transcripción”. Pulsamos “Añadir” e xa estaría creada a segunda liña de transcripción.




No caso de querer outra liña dependente desta para unha tradución ou notas, debemos repetir o proceso: “Liña” > **Añadir línea nueva**. Cando se abre a ventá debemos escribir o nome que queremos que apareza nesta liña (por exemplo, *NotasEC* ou o que vós decidades oportuno) e cubrir o nome da participante (*Eva Castaño*) e do/a anotador/a (*Estela*). Ademais, deberemos marcar como liña nai a de “Eva” e seleccionar o tipo lingüístico “Notas”.



Nunca vos vai deixar crear 2 liñas diferentes co mesmo nome. Polo tanto, se para manter o modelo de *NotasEC* queredes modificar a liña *Notas* de Victoria por *NotasVR*, por exemplo, teredes que ir á ventá “Línea” > **Cambiar propiedades de la línea** e facer os cambios pertinentes. Logo, pulsamos “Cambiar”.



E este sería o resultado:



Aquí xa estarían creadas as liñas suficientes para comezar a nosa transcripción, mais poderíades seguir engadindo outras liñas que vos parecen convenientes: hai quen engade liñas de pausa, liñas de ruidos etc.

5. Borrar liñas

No caso de querer borrar algunha liña, só temos que abrir a ventá “**Línea**”> **Borrar liña** > **Seleccionar a liña que queiramos eliminar** > **Pulsar suprimir**.

Suprimir Línea

Nombre d...	Línea Madre	Tipo Lingü...	Participante	Anotador	Lengua po...	Content L...
Victoria	-	Transcripción	Victoria Ro...	Estela	-	
NotasRV	Victoria	Notas	Victoria Ro...	Estela	-	
Eva	-	Transcripción	Eva Castaño	Estela	-	
NotasEC	Eva	Notas	Eva Castaño	Estela	-	

Suprimir Línea

Añadir Cambiar **Suprimir** Importar

Seleccionar Línea: NotasRV

Nombre de Línea: NotasRV

Participante: Victoria Rodríguez

Anotador: Estela

Línea Madre: Victoria

Tipo Lingüístico: Notas


Lengua por Defecto: Ninguno

Content Language: None - -

Más opciones...

Suprimir Cerrar


No noso caso, imos borrar as dúas liñas de notas. Antes de borrar definitivamente sempre vos vai aparecer o seguinte aviso:




Pulsamos “Yes” e listo.

6. Segmentar


Para poder transcribir debemos, en primeiro lugar, delimitar as diferentes intervencións de cada participante. Antes disto, na barra que aparece ao fondo á dereita temos o **zoom**, que podemos modificar segundo máis nos conveña.




Tamén podemos facer click co botón esquerdo do noso rato e buscar o zoom que máis nos guste:




Agora si, podemos comenzar a reproducir el audio e ir segmentando las intervenciones. Para esto, debemos colocar el puntero del rató al inicio de la intervención e manteniendo presionado el botón izquierdo del rató ímolo arrastrando ata el final de la intervención:




Neste momento, para asegurarnos de que fixemos ben a selección, podemos utilizar o botón de **Reproducir selección (atallo Shift+espazo)**:



Se estamos seguros/as da nosa selección, debemos dar dobre click dentro da selección (área azul) na altura da liña de transcripción correspondente ao/á participante que está falando. Neste caso, na liña de Victoria:




Neste momento créase un comentario onde poderemos transcribir as súas palabras. Repetiremos este proceso con cada intervención:



Botóns de selección


Xa falamos do botón de reproducir segmentos. O que está inmediatamente ao lado fai o contrario: vacía a selección.



O seguinte serve para situarse no inicio ou no final da selección:




E os seguintes catro para moverse polos segmentos: pasar ao segmento do lado esquerdo, ao do lado dereito, baixar ou subir polas anotacións.



Tamén é moi interesante a función de **modo bucle** para a transcripción, pois ao seleccionala fai que o noso segmento se repita unha e outra vez sen necesidade de ter que estar facendo click no botón de reproducir.


Outra función que nos ofrece o programa ao segmentar é a de **ampliar ou reducir** a nosa selección a través do atallo **Alt+Esquerdo**. Cando ocorre isto vemos como a selección se pon en verde.

Por último, se pulsamos enriba dun segmento co botón dereito vemos como se nos abren moitas posibilidades: combinar co comentario anterior, unilo co seguinte, suprimilo, divilo, borrar o valor do comentario...




7. Transcribir


Existen varias posibilidades para hacer las transcripciones. Podemos ir transcribiendo al tiempo que segmentamos desde el modo de anotación o bien (lo más recomendable bajo el mismo punto de vista) hacerlo desde el **modo de transcripción**. Para eso abrimos la ventana **“Opciones” > Modo de transcripción**:



Aquí aparecen una ventana donde debemos seleccionar el tipo. En este caso, seleccionamos **“Transcripción”** e luego pulsamos **“Aplicar”**:




O resultado é o seguinte:



Agora xa estamos listos para a transcripción con ELAN. É importante, antes de comezar, ter claro que tipo de criterios se van seguir á hora de transcribir: como se van marcar as pausas, as risas, as convencións ortográficas, se se lle vai dar espazo ou non a formas dialectais etc.



8. Exportar


O programa ten moitas opcións de exportación:



As máis habituais son:

- **Texto tabulado** (adóitase pasar despois a unha táboa de Excel)





iniciación_elan: Bloc de notas

Archivo Edición Formato Ver Ayuda

Tiempo inicial - hh:mm:ss.ms	Tiempo inicial - ss.msec	Tiempo final - hh:mm:ss.ms	Tiempo final - ss.m
00:00:04.941	4.941 00:00:06.941	6.941 00:00:02.000	2.0
00:00:22.139	22.139 00:00:23.127	23.127 00:00:00.988	0.988
00:00:23.348	23.348 00:00:25.837	25.837 00:00:02.489	2.489
00:00:27.720	27.72 00:00:31.813	31.813 00:00:04.093	4.093
00:00:45.019	45.019 00:00:45.357	45.357 00:00:00.338	0.338
00:00:50.269	50.269 00:00:57.470	57.47 00:00:07.201	7.201
00:00:57.999	57.999 00:01:23.166	83.166 00:00:25.167	25.167
00:00:07.406	7.406 00:00:22.162	22.162 00:00:14.756	14.756
00:00:22.273	22.273 00:00:24.377	24.377 00:00:02.104	2.104
00:00:25.894	25.894 00:00:28.964	28.964 00:00:03.070	3.07
00:00:29.557	29.557 00:00:44.824	44.824 00:00:15.267	15.267
00:00:45.067	45.067 00:00:50.972	50.972 00:00:05.905	5.905
00:00:57.594	57.594 00:00:59.013	59.013 00:00:01.419	1.419

Eva Castaño ¿que tal? ¡moi bos días! ||
 [¡xa o creo!] ||
 [¿viches todo o festival?] | digo: ¿viche+1
 [¡bueno! o festival creo que] aínda non che
 [¿asentimento> hum] ||
 [xente querida] por:: por: o PÚBLICO | por:
 [¡Eva!] | hoxe nin delitos nin faltas {<d
 mo# moi bos días Victoria | i <s co
 [i estou moi:] | [moi: | moi orgul
 {(risas) viche+lo} | vi+no todo | v
 [(risas) | {(risas) si pero bueno}
 [e que o idioma] non é unha fronte
 [pois efectivamente] ||

• Texto interlínea

ELAN 6.2 - iniciación_elan.eaf

Archivo Editar Comentario Línea Tipo B Archivo Toolbox (UTF-8)...

- Nuevo Ctrl-N
- Abrir Ctrl-O
- Open Remote File...
- Abrir archivo reciente
- Cerrar Ctrl-W
- Guardar Ctrl-S
- Guardar Como... Ctrl+Shift-S
- Guardar como plantilla... Ctrl+Alt+Shift-S
- Guardar selección como .eaf...
- Save a Copy as EAF 2.7...
- Validate EAF File...
- Juntar transcripciones...
- Copia de seguridad automática
- Configuración de página Ctrl+Shift-P
- Vista preliminar Ctrl+Alt-P
- Imprimir Ctrl-P
- Procesador de archivos múltiples
- Exportar como
- Exporta archivos múltiples como
- Importar
- Importar varios archivos como
- Salir Ctrl-Q
- ajustes...

Archivo Toolbox (UTF-8)...

- FLEx File...
- Fighero CHAT
- Texto tabulado...
- Tiger xml...
- Texto interlineal
- HTML...
- Texto de transcripción
- Exportar como texto interlineal...
- Time-aligned Interlinear Text...
- TextGrid de Praat...
- WebAnnotation JSON...
- Lista de palabras...
- SMIL
- Texto QuickTime...
- Texto de subtítulos...
- Líneas para el reconocedor...
- Película media con Script...
- Imagen de la ventana ELAN...
- Diapositivas
- Archivo Shoebox...

Tipo 1 : Transcripción

10 [e que o idioma] non é unha fronteira | porque: (NH) | o voto popular | pois {<dúbida> e:} estaba aí presente ¿non? | [pero bueno] ||

Victoria

11 [xente querida] por:: por: o PÚBLICO | por todo o público en liñas xerais e:: | iso | non o pode: n decir todas | nin todos ||

Eva

12 [pois efectivamente] ||

Victoria

13 [Eva] [hase nin dellos nin falas {<dúbida> e:} explicá-me || {<dúbida> e:} || a realidade: {<dúbida> e:} social é un pouco a que nos puo | sobre todo nos últimos días | sobre | en bandeira algúns {<dúbida> e:} dos contidos que hoxe imos tratar || os EUFEMISMOS || a linguaxe XURÍDICA || {<dúbida> e:} INTERRUPCIÓN || SEPARACIÓN || DIVORCIO || cese TEMPORAL da convivencia | ¿pero que é ISTO? ||

0:43 02/02/2022

Fijar opciones de formato

Victoria Eva Castaño ¿que tal? ¿moi bos días! ||

Eva mo# moi bos días Victoria | i <S corte> me permites antes de empezar a:: | intervención | eu tamén quería unirme ós parabéns a:: | ó noso grupo | as Tamboqueiras | porque:: á parte de ser unhas ARTISTAZAS | puxeron en valor a nosa lingua ¿non? | e a nosa cultura ||

Victoria [ixa o crezo!] ||

Eva [i estou moi:] | [moi: | moi orgullosa] ||

Victoria [¿viches todo o festival?] | digo: ¿viche+lo todo? ||

Eva [risas] wiche+lo | vi+no todo | vi+no todo [<incomprensible>] ||

Victoria [bueno! o festival creo que] aínda non chegou | [o festival é o de Turín | risas] ||

Eva [risas] | [risas si pero bueno] | (NH) {<dúbida> e:} estamos todos moi orgullosos | a pena é que: que: | non nos poidan representar en Eurovisión porque:: | hai moitos galegos en Europa e estarían super contentos de que: | de que fora así | pero:: | tamén demostraron que non hai fronteiras ¿non? ||

Victoria [asentimento] hum} ||

Eva [e que o idioma] non é unha fronteira | porque: (NH) | o: voto popular | pois {<dúbida> e:} | estaba aí presente ¿non? | [pero bueno] ||

Victoria [xente querida] por:: por: o PÚBLICO | por todo o público en liñas xerais e:: | iso | non o pode: n decir todas | nin todos ||

12 [pois efectivamente] ||

Tiras

- Victoria
- Eva

opciones de selección avanzadas...

Qué

- Mostrar sólo selección
- Mostrar etiquetas de tira
- Mostrar código de tiempo mm:ss.ms
- Mostrar slots vacíos
- Esconder líneas vacías
- Muestra todas las tiras
- Muestra los números de página
- Incluir la duración de los silencios
- 20 duración mínima de los silencios en ms
- 2 número de dígitos después del decimal

Aplicar cambios Guardar Como... Cerrar

```
iniciación_elaninterlíña: Bloc de notas
Archivo Edición Formato Ver Ayuda
file:///C:/Users/USUARIO/OneDrive/Escritorio/ELAN/iniciación_elan.eaf
2022 Feb 2, Wed 00:45

Victoria  Eva Castaño ¿que tal? ¡moi bos días! ||

Eva      mo# moi bos días Victoria | i <s corte> me permites antes de empezar
a:: | intervención | eu tamén quería unirme ós parabéns a:: | ó noso
grupo | as Tanxugueiras | porque:: á parte de ser unhas ARTISTAZAS |
puxeron en valor a nosa lingua ¿non? | e a nosa cultura ||

Victoria  [¡xa o creo!] ||
Eva      [i estou moi:] | [moi: | moi orgullosa] ||

Victoria  [¿viches todo o festival?] | digo: ¿viche+lo todo? ||

Eva      {(risas) viche+lo} | vi+no todo | vi+no todo [<incomprensíbel>] ||

Victoria  [¡bueno! o festival creo que aínda non chegou | o festival é o de
```

Espero que esta guía vos servise de axuda. Calquera dúbida non dubidedes en consultarma a través do correo electrónico (estela.fidalgo@rai.usc.es).